



.....

**Literarias Todas**

**Novas voces, éxitos  
eternos: os premios  
nacionais levan nome  
de muller (Parte I)**

.....

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
24 de maio de 2022



A literatura galega experimentou, por volta do cambio de século, unha serie de mudanzas, tanto no nivel estético coma no profesional, vinculadas, en boa medida, coa chegada dun importante número de mulleres aos espazos de visibilidade.

Fenómenos como a renovación estética, a diversificación das estratexias de procura de públicos, a internacionalización dos mercados e as novas formas de edición non só teñen lugar no nivel sistémico, senón que tamén poden ser analizados con perspectiva de xénero, amosando deste xeito un interesante punto de vista para a análise da posición das mulleres no campo cultural galego.

Co ciclo *Literarias Todas*, o Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega desexa abrir un espazo de reflexión a tres bandas, entre escritoras, outras axentes do espazo literario galego e público lector, co fin de pulsar a realidade da literatura feita por mulleres en Galicia e os retos que se presentan neste eido para o futuro inmediato.

Inauguramos o ciclo *Literarias Todas* cunha das cuestións adoito debatidas arredor da posición das escritoras no sistema literario: a súa relación cos procesos de visibilización e canonización. O asunto desenvolverase ao longo de dous coloquios coas mulleres recoñecidas, en distintas categorías, dos Premios Nacionais do Ministerio de Cultura.

Presentamos aquí o primeiro deles, no que as convidadas nos levarán a falar de poesía e ensaio, da presenza ou ausencia das mulleres poetas no espazo literario, do concepto de éxito e da importancia das mulleres no xénero inaugural da literatura galega.

# Programa

---

17:30 horas  
Presentación

17:45 horas  
Modera: **Dolores Vilavedra**

Intervienen:  
**Alba Cid**  
**Chus Lama** [videoconferencia]  
**Olga Novo**

**Organiza**

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CCG)

Consello da Cultura Galega

**Coordina**

Inmaculada López Silva

**Lugar**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

**Inscripción**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado.

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

**Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

**Organiza:**

